

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I000T</b>	<b>USG/2018/123</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4501 0X3X 6211 0550 0EJV	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 06 DE AGOSTO DE 2018.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril  
D.<sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle  
D. Juan C. Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra

**NON ASISTEN:**

D. Diego A. Taibo Monelos  
D.<sup>a</sup> Marta Figueroa Fuentes  
D. Miguel Suárez García

**INTERVENTORA MPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e oito minutos do día seis de agosto de dous mil dezaioito, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril, D.<sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle e D.<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra.

Non asisten á sesión os concelleiros D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.<sup>a</sup> Marta Figueroa Fuentes e D. Miguel Suárez García.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 30 DE XULLO DE 2018.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de xullo de 2018, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 30 de xullo de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 13 de xullo de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados para a realización de 4 edicións do curso de prevención e loita contra incendios urbanos e forestais e 3 edicións do curso de accidentes na estrada, no ámbito de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 145 do 31-07-2018.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00OT</b>	<b>USG/2018/123</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4501 0X3X 6211 0550 0EJV	

- Resolución do 13 de xullo de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 145 do 31-07-2018.
- Resolución do 13 de xullo de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 145 do 31-07-2018.
- Resolución do 13 de xullo de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os/as responsables e o persoal voluntario das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 145 do 31-07-2018.
- Resolución do 13 de xullo de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan dúas edicións dun curso sobre formación en desfibrilación semiautomática externa (DESA) para o persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencia supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 145 do 31-07-2018.
- Orde do 16 de xullo de 2018, da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adjudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 148 do 03-08-2018.
- Orde do 24 de xullo de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder-Galicia 2014-2020). DOG núm. 148 do 03-08-2018.
- Orde do 31 de xullo de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se abre un novo prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2017, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2018. DOG núm. 148 do 03-08-2018.
- Anuncio do 5 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 06.07.2018 ás 19.30 na concelleira D<sup>a</sup> María del Carmen Varela Corbelle. BOP núm. 145 do 01-08-2018.
- Anuncio do 5 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 07.07.2018 ás 13.30 no concelleiro D. Diego A. Taibo Monelos. BOP núm. 145 do 01-08-2018.

C.I.F. P-1503100-H

- Anuncio do 19 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 20.07.2018 ás 19.00 na concelleira D<sup>a</sup> María del Carmen Varela Corbelle. BOP núm. 145 do 01-08-2018.
- Anuncio do 24 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 27.07.2018 ás 18.30 na concelleira D<sup>a</sup> María Penélope López Díaz. BOP núm. 145 do 01-08-2018.
- Anuncio do 3 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos o día 02.07.2018 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 145 do 01-08-2018.
- Anuncio do 20 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos o día 20.07.2018 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 145 do 01-08-2018.
- Anuncio do 24 de xullo de 2018- Secretaría Xeral do Concello de Culleredo- relativo á delegación de funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos o día 23.07.2018 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 145 do 01-08-2018.
- Anuncio do 20 de xullo de 2018- Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello de Culleredo- relativo á lista provisional de admitidos/excluídos no proceso selectivo de inspector/a (promoción interna). BOP núm. 146 do 02-08-2018.
- Anuncio do 26 de xullo de 2018- Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello de Culleredo- relativo á lista provisional de admitidos/excluídos do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de policía local polo sistema de mobilidade e polo procedemento de concurso . BOP núm. 146 do 02-08-2018.
- Anuncio do 31 de xullo de 2018- Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación- relativo ao anuncio de aprobación do Plan de inversións en vías provinciais 2018, cuarta fase. BOP núm. 148 do 06-08-2018.

## 2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

<b>*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.</b>				
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>TEMA</b>	<b>Persoa beneficiaria</b>	<b>Intensidade</b>
20/07/18	1170	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. Incorporar á lista de agarda	A. A. P. M. E D. C. R.	Cinco horas á semana (agas festivos).

		do servizo de Xantar na Casa.	A. A. P. M.	71 puntos.
		Incorporar á lista de agarda do servizo de Xantar na Casa.	D. C. R.	42 puntos.

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
13/07/18	1098	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	A. R. B. R.	Pago de recibos de electricidades, correspondente ao período comprendido entre o 15 de xaneiro de 2018 ao 13 de febreiro de 2018, por un importe de 20 €, do 13 de febreiro de 2018 ao 14 de marzo de 2018, por un importe de 18,98 €, do 14 de marzo de 2018 ao 15 de abril de 2018, por un importe de 21,91 €, do 15 de abril de 2018 a 15 de maio de 2018, por un importe de 11,74 € e do 15 de maio de 2018 ao 14 de xuño de 2018, por un importe de 13,70 €.	86,33 €
13/07/18	1099	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. J. D. P. B.	Pago do recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2018.	62,37 €
13/07/18	1100	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. C. L. V.	Pago do recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 15 de maio de 2018 ao 14 de xuíño de 2018.	14,45 €
13/07/18	1101	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E. I. R.	Pago do recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 13/05/2018 ao 12/06/18.	68,05 €
13/07/18	1102	Autorización, disposición,	E. I. R.	Pago do recibo de auga,	72,63 €

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00OT</b>	<b>USG/2018/123</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4501 0X3X 6211 0550 0EJV</b>	

C.I.F. P-1503100-H

		recoñecemento e orden de pago.		correspondente ao segundo trimestre de 2018.	
13/07/18	1103	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	Y. D. C.	Pago do recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 10 de maio de 2018 ao 06 de xuño de 2018.	18,39 €
13/07/18	1110	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	Y. D. C.	Pago do recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2018.	54,50 €
13/07/18	1111	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. G. L.	Pago do recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 19.01.2018 ao 14.03.2018.	63,05 €
20/07/18	1156	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	J. A. V. M.	Pago de recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 17 de maio de 2018 eo 18 de xuño de 2018.	57,37 €
20/07/18	1158	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. M.	Pago do recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 17 de maio de 2018 ao 18 de xuño de 2018.	19,92 €
20/07/18	1159	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. M.	Pago do recibo de gas, correspondente ao período comprendido entre o 25/04/2018 ao 12/06/2018.	27,09 €
20/07/18	1173	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	Y. D. C.	Pago do recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 06 de xuño de 2018 ao 05 de xullo de 2018.	20,00 €

2.2.2.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Área de Urbanismo:

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I000T</b>	<b>USG/2018/123</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4501 0X3X 6211 0550 0EJV	

“

### **COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 30 de xullo de 2018, a comunicación previa presentada por J.M.R.S., para obras de limpeza e pintura de fachada en vivenda situada en Rúa Santa Bárbara, parroquia de Rutis, (Exp. UAU/2018/176).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 01 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por L.V.G., para cambio de ventás e azulexado de baño, en vivenda situada en Rúa Brañas, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/189).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 01 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por D.V.O., para renovación de acabados interiores en local situado en Avda. da Coruña, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/192).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 01 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por M.G.M., para demolición tabique interior 3,60 x 2,50 m. en vivenda situada en Avd. de Galicia, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/193).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 02.08.2018, a comunicación previa para a construción dunha piscina de 7,75 x 3,20 m. nunha parcela situada en Rúa Ramón Maseda Reinante, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/181).”

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H